

LUNS

- **Actividade de lóxica-matemática:**


-Ficha completa os números dos cubos que sosteñen os paiaos e colorea o paiaos que teña máis cantidade de cubos. **(FICHA EN ANEXO)**

- Para refrescar o día de hoxe imos facer uns xeados de froitas.



MARTES

- **Actividade de lecto-escritura:** Fai o crucigrama e a sopa de letras .**(FICHA EN ANEXO)**
- **A seguinte actividade chámase sopa de ZigZags:** Collemos o mantel da nosa merenda, e seguimos as instrucións. **(ACTIVIDADE EN ANEXO).**



MÉRCORES

- **Actividade de lóxica-matemática:** Fai as seguintes sumas. **(FICHA EN ANEXO)**
- **Actividade de lecto-escritura:** Poñémonos na casilla de saída e imos tirando pouco a pouco ata chegar á meta. En cada casilla que esteamos temos que ler as instrucións que nos indica e facelas. **(XOGO EN ANEXO).**



XOVES

- **Actividade de lecto-escritura:** Palabras secretas. **(FICHA EN ANEXO).**
- **Xogo da ocalingua:** Nos poñemos na saída, tiramos o dado, ata chegar a meta, en cada casilla ten unha pista que tenemos que ler e facer antes de volver a tirar. **(XOGO EN ANEXO).**



VENRES

Hoxe é o último día do curso. Gustaríanos moito poder estar todos xuntos, pero como non podemos, mandarémovos unha sopesa, estade moi atentos.

IMPORTANTE: Como xa sabedes o método de **lectoescritura** que empregamos é o fonético, por iso os nenos e nenas coñecen as letras polo seu son, non polo seu nome. Por iso para eles vailles ser máis doado que na casa sigades este método que empregamos na escola.

Por outro lado, para traballar a **lóxica- matemática** empregamos o Método ABN. Este é totalmente manipulativo e por iso, antes de facer unha ficha no papel, os nenos/as deben manipular, xuntar, separar... obxectos (garabanzos, macarróns, pinturas...) que representen esas cantidades. Repetirémolo tantas veces coma sexa necesario. Cando vexades que o comprenderon, é o momento de plasmalo no papel, nunca antes. Para calquera dúbida, sempre podedes

poñervos en contacto coas mestras mediante o correo electrónico.

TODOS OS DÍAS é fundamental ler un conto e facer actividades a través del: preguntas de comprensión, inventar un final, facer un debuxo relativo ao mesmo, escribir o título, reler o conto metendo erros a ver se os nenos e as nenas danse conta.

Durante esta semana, podemos facer a lectura do conto “La vocecita”. (**CONTO EN ANEXO**).